

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20 DE MARZO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00014105X.

Aprobación de acta de sesión anterior.

Apróbase a acta correspondente á sesión ordinaria de data 13 de marzo de 2023.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00032231Q.

Licenza para instalación de ascensor na vivenda situada na Rúa do Tambre, 5.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución presentado o 23/06/2022 e a documentación presetada o 20/02/2023 e o 03/03/2023, cun orzamento de execución material de de 18.896,48 €, a instalación de ascensor na vivenda unifamiliar sita na rúa do Tambre, 5 Santiago de Compostela (A Coruña).

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00042749T.

Ampliación de marquesiña na rúa País Vasco, 6.

Acórdase conceder a BRICOLAJE BRICOMAN SLU, licenza de obras para a ampliación de marquesiña na RÚA DO PAÍS VASCO, 6, Parcela K4c01-1 do Polígono da Sionlla, segundo Proxecto técnico con visado do COAG de data 18/07/2022, cun orzamento de execución material de 225.805,97 €.

As actuacións consistirán na ampliación de marquesiña en 342,22 m² altura de 9,80 metros.

A edificabilidade total consumida na parcela é de 6.997,88m²c.

A edificación está situada en solo clasificado como urbanizable no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza Ordenanza 4. Edificación exenta, Variante 4.c. do Proxecto sectorial da Sionlla.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00003247Z.

Legalización e remate de vivenda unifamiliar situada no Lg de Torre Blanca, San Martiño de Arins, parcela 552/A1.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 05/08/2021 e a documentación presentada o 16/03/2022, 09/05/2022, 28/07/2022, 09/12/2022 e 06/03/2023, cun orzamento de execución material de 118.500,00 euros, a legalización e remate de vivenda unifamiliar situada no Lg Torre Blanca San Martiño de Arins Parcela 552/A1 Santiago de Compostela (A Coruña).

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00032479S.

Modificación da licenza para a construción de vivenda familiar en R.Campiña, 8.

Apróbase a modificación da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local da cidade de Santiago de Compostela na sesión 21/2/2022, segundo o proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar con piscina privada (modificación de licencia concedida) de data de visado do 11/01/2023 cun orzamento de execución material de 256.302,52€, Visado 11.01.2023, na rúa Campiña, 8 Santiago de Compostela (A Coruña), manténdose as condicións da licenza da Xunta de Goberno Local en data 21 de febreiro de 2022.

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1130/2018.

Modificación da licenza para a construción do edificio FONTAN na Avda. Manuel Fraga Iribarne, 1.

Apróbase a modificación da licenza concedida a FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA por acordo da Xunta de Goberno Local da cidade de Santiago de Compostela do 30 de novembro de 2018 para a construción de edificio FONTÁN na avda de Manuel Fraga Iribarne, 1 segundo o proxecto de execución modificado_02, presentado o 07/03/2022.

7. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2022/00036242W.

Licenza de obras de ampliación de nave comercial para cafetería na rúa do País Vasco, 6.

Acórdase conceder a BRICOLAJE BRICOMAN SLU, licenza de obras para a ampliación de nave de venda de materiais de construción con destino a cafetería na RÚA DO PAÍS VASCO, 6, Parcela K4c01-1 do Polígono da Sionlla, achegando Proxecto básico e de execución con visado do COAG de data 30/06/2022, cun orzamento de execución material de 127.033,44 €, baixo a dirección de obra do proxectista.

As actuacións consistirán no peche de marquesiña para ampliación dun espazo en planta baixa destinado a cafetería (nº identificativo III.2.5.2 do anexo do Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado por Decreto 124/2019, de 05 de setembro), cunha superficie de 52,06 m² e altura de 5,30 metros,

A edificabilidade total consumida na parcela é de 6.642,97 m²

A edificación está situada en solo clasificado como urbanizable no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza Ordenanza 4. Edificación exenta, Variante 4.c. do Proxecto sectorial da Sionlla.

8. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2022/00022866N.

Rexeitamento da reclamación formulada por DOCSA 2009 S.L. sobre incumprimento do Convenio urbanístico para a obtención do sistema xeral de equipamento universitario EU-2, ratificado pola Xunta de Goberno o 24 de setembro de 2007.

Acórdase REXEITAR a reclamación formulada por DOCSA 2009 S.L. sobre incumprimento do *Convenio urbanístico para a obtención do sistema xeral de equipamento universitario EU-2*, ratificado pola Xunta de Goberno o 24 de setembro de 2007.

9. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2023/00011729A.

Aprobación inicial de rectificacións no Proxecto de equidistribución da UA-7 do PERI-7 (Ponte Pedriña), aprobado definitivamente o 30 de decembro de 2005.

Ao abeiro do previsto no artigo 273 do Regulamento da lei do solo de Galicia, apróbanse inicialmente as seguintes rectificacións no Proxecto de equidistribución da UA-7 do PERI-7 (Ponte Pedriña), que foi aprobado definitivamente o 30 de decembro de 2005:

1ª Reaxustar as participacións adxudicadas aos propietarios das parcelas iniciais 1, 2 e 3.

2ª Rectificar a conta de liquidación provisoria segundo o cadro que se achega ao expediente.

Antes da aprobación definitiva outorgárase audiencia aos titulares afectados durante o prazo de UN MES, a fin de que poidan formular as alegacións que estimen convenientes.

Complementariamente, publicarase edicto no BOE, que servirá de notificación aos interesados que non poidan ser citados persoalmente no seu domicilio.

10. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/6/2021.

Aprobación do proxecto de execución da rede Itinerarios sostibles para a redución da pegada de carbono (Fase I- entorno Intermodal).

Apróbase o proxecto técnico de execución da rede itinerarios sostibles para a redución da pegada de carbono (fase I- entorno intermodal) coas seguintes condicións:

- ORZAMENTO

O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 213.569,96 €

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) 254.148,25 € (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)

O.B.L. + I.V.E. **307.519,40 €** (O.E.C. + 21% I.V.E.)

- PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución previsto é de 3 meses.
- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA
Establécese no proxecto a clasificación G-6-2

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00043239F.

Declarar deserto o procedemento de adxudicación do expediente de contratación da “Subministración e implantación de 20 sistemas de alimentación ininterrompida (SAIS) para protexer a electrónica departamental e equipamentos máis críticos da administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea”.

Acórdase declarar deserto o procedemento de adxudicación da contratación da *Subministración e implantación de 20 sistemas de alimentación ininterrompida (SAIS) para protexer a electrónica departamental e equipamentos máis críticos da administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea* ao abeiro do artigo 150.3 da LCSP, ao non existir ningunha oferta que sexa admisible de acordo cos requisitos e criterios que figuran no prego.

12. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00014105X.

Declaración de ausencia de conflito de intereses en expediente de contratación/subvención.

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de contratación arriba referenciado, os membros da Xunta de Goberno Local, como participantes no proceso de preparación e tramitación do expediente, declaran:

Primeiro. Estar informados do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece que deberán abstenerse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dean algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Segundo. Que non se atopan incursos en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa/s persoa/s ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público que poida afectar o procedemento de licitación/concesión.

Terceiro. Que se comprometen a por en coñecemento do órgano de contratación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

Cuarto. Coñecen que unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa carrexará as consecuencias disciplinarias, administrativas e/ou xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00059708P.

Adxudicación do contrato baseado no acordo marco da Amtega da subministración de licenzas para a ampliación da solución de protección avanzada (EDR) (expediente amt2022-0065), para a subministración de 850 unidades do EDR Cytomic no marco do proxecto “Despliegue de SOC para el ayuntamiento de Santiago de Compostela”, financiado coa convocatoria 2021 de subvencións para proxectos de modernización e dixitalización no ámbito das Administracións das Entidades Locais (Orde TER/1204/2021). Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o Contrato baseado no Acordo Marco da Amtega da Subministración de Licenzas para a Ampliación da Solución de Protección Avanzada (EDR) (expediente amt2022-0065) para a subministración de 850 unidades do EDR Cytomic no marco do proxecto “Despliegue de SOC para el ayuntamiento de Santiago de Compostela” financiado coa convocatoria 2021 de Subvencións para Proyectos de Modernización e Dixitalización no ámbito das Administracións das Entidades Locais (Orde TER/1204/2021) Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, á empresa TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES. DE ESPAÑA, S.A.U. por un importe de **47.074,45 €** (Base imponible de 38.904,50 euros máis IVE do 21%: 8.169,95 euros), por cumprir os requisitos exixidos no escrito de invitación efectuado.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 47.074,45 € con cargo á aplicación orzamentaria 030 92001 6410001 (Proxecto de gasto: 2022 2 NGINF 11 1).

MAIS INFORMACIÓN???

14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00010124P.

Aprobación do expediente denominado “Obras de pavimentación do lugar de Aradas (A Peregrina)” / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 - 1ª fase da Deputación Provincial da Coruña”, e apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado “obras de "Pavimentación do lugar de Aradas (A Peregrina)” / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 - 1ª fase da Deputación Provincial da Coruña”, cun orzamento base de licitación de **143.236,40 €** (base imponible de 118.377,19 € máis IVE do 21% por valor de 24.859,21 €)

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 143.236,40 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000 (código de proxecto 2022 PPROV 35 6).

MAIS INFORMACIÓN???

15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00010095W.

Aprobación do expediente de contratación “Obras de execución do proxecto de pavimentación do lugar de Coira (Laraño)” / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 - 1ª fase, da Deputación Provincial da Coruña”, e apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado “obras de "Pavimentación do lugar de Coira (Laraño)” / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 - 1ª fase da Deputación Provincial da Coruña”, cun orzamento base de licitación de **124.278,19 €** (base imponible de 102.709,25 € máis IVE do 21% por valor de 21.568,94 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 124.278,19 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000 (código de proxecto 2022 2 PPROV 35 7).

MAIS INFORMACIÓN???

16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00005599S.

Aprobación do expediente de contratación do “Servizo de deseño, produción, montaxe e realización do espectáculo pirotécnico das Festas do Apóstolo 2023”.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado *Servizo de deseño, produción, montaxe e realización do espectáculo pirotécnico das Festas do Apóstolo 2023*, cun orzamento base de licitación de **259.994,52 €** (base impoñible de 214.871,50 € máis IVE do 21% por importe de 45.123,02 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 259.994,52 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 060 33800 2269900 (código de proxecto: 2023 3 FOGOS 23 1).

MAIS INFORMACIÓN??

17. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: Relación contable S/2023/22 relativa a gastos por servizos de inhumación con cargo á beneficencia municipal e traslado de restos cadavéricos á foxa común do Cemiterio Municipal de Boisaca.

Convalidación de omisión da función interventora e recoñecemento de débeda coa empresa “Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.”, correspondente á xestión e realización de inhumacións con cargo á beneficencia municipal e traslado de restos cadavéricos á foxa común do cemiterio municipal de Boisaca no mes de xaneiro de 2023 (Relación contable S/2023/22 por importe de 2.231,90 euros).

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da xestión de inhumacións con cargo á beneficencia municipal e do traslado de restos á foxa común correspondente a expedientes de caducidade do dereito funerario, por importe de 2.231,90 euros.

2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de dous mil douscentos trinta e un euros con noventa céntimos (2.231,90) a favor de “Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.”, imputándose á aplicación orzamentaria 2023/020/16400/2279900 do orzamento vixente.

3. Dispoñer a continuación das prestacións cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar este prexuízo.

18. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: Validación omisión función interventora S/2023/23.

Convalidación de omisión da función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (4) emitidas por varias empresas en concepto de subministración de gas e gasóleo para as distintas dependencias municipais, correspondente ao mes de xaneiro de 2023.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CINCO MIL NOVECIENTOS CORENTA E SETE EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (5.947,04 €), segundo relación contable de facturas S/2023/23 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2023/441 por un importe de 2.461,05 euros emitida pola empresa Gas Natural Comercializadora, S.A. e remata pola factura número F/2023/728 por un importe de 560,99 euros emitida pola empresa Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A..

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

19. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR.

Referencia: Validación omisión función interventora F/2023/876.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da factura (1) emitida por “Recambios Santiagueses, S.L.”, en concepto de subministración de material de recambios para vehículos do Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ao mes de xaneiro de 2023.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de MIL OTICOENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (1.852,85 €), emitida pola empresa RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L. en concepto de subministración de material de recambios para vehículos do Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondente ao mes de xaneiro do ano 2023.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

20. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00009147K.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda correspondente á prestación do servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardo e elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico (CON/11/2015), correspondente ao mes de xaneiro, levada a cabo pola entidade ACEINSA, por importe de 23.983,98€.

Acórdase:

Primeiro: Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico do termo municipal de Santiago, correspondente ó mes de xaneiro de 2023.

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de vinte e tres mil novecentos oitenta e tres con noventa e oito euros (23.983,98€), a prol da entidade ACEINSA, con imputación orzamentaria 060 13300 2270101 do orzamento.

Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar este prexuízo

21. DEPORTES. Referencia: 2023/00012358B.

Desestimación do recurso de reposición interposto por don R. G. S. en representación do Club Santiago Futsal contra acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de decembro de 2022, de xustificación do convenio de colaboración asinado entre o concello e o Club Santiago Futsal para o ano 2021.

Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto polo Club Santiago Futsal FUTSAL, contra o acordo da Xunta de Goberno de data 26 de decembro de 2022

22. ARQUEOLOXÍA. Referencia: 2023/00012635N.

Solicitude da "Subvención nominativa da Deputación da Coruña para o acondicionamento da edificación existente para albergar o Centro de Interpretación de Arte Rupestre de Villestro (CIRVI) en Santiago de Compostela".

Apróbase á solicitude de Subvención nominativa da Deputación da Coruña para a Fase 1 que inclúe o acondicionamento da edificación existente para albergar o Centro de Interpretación de Arte Rupestre de Villestro (CIRVI) en Santiago de Compostela.

Cun importe total de orzamento a solicitar de 230.876,55 € (IVE incluído)

O Centro de Interpretación Rupestre de Villestro (CIRVI), situado no Concello de Santiago de Compostela, será o centro de recepción de visitantes do proxecto “Compostela Rupestre” que abarca os concellos de Ames, Brión, Santiago de Compostela, Teo e Val do Dubra.

Tal como se recolle no Plan Director aprobado, será o lugar de acollida e información para os visitantes. Sendo o obxectivo central desta infraestrutura ofrecer un coñecemento dos atractivos do parque, proporcionándolle aos visitantes a información necesaria para chegar a eles. Así mesmo, contará cunha exposición escenográfica e con elementos multimedia e audiovisuais que promovan o descubrimento do patrimonio cultural, tanto da arte rupestre coma da paisaxe do territorio de Compostela Rupestre.

Non existe unha convocatoria de concorrencia competitiva das que tramita a Deputación, que se axuste ao proxecto para o que se solicita a axuda. A convocatoria é de carácter nominativo.

O importe total do proxecto, IVE incluído, ascende a 225.857,18 € para o acondicionamento do edificio incluído o mobiliario, gráficas e equipamento, a isto habería que engadir a cantidade de 5.019,37 € (IVE incluído) para o control arqueolóxico (proxecto, traballo de campo, informe/s e memoria). Sendo o total do orzamento solicitado de 230.876,55 € (IVE incluído)

Polas razóns expostas, dado o carácter supra municipal e o interese público para a provincia, o coeficiente de financiamento solicitado, é dicir, o porcentaxe sobre o orzamento que supón o importe solicitado á Deputación sería do 100 % do orzamento total).

23. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00012334X.

Solicitud de transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios básicos, por unha contía de 2.470.692,87€, para o ano 2023.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Que o Concello de Santiago de Compostela ven desenvolvendo, consonte o artigo 25.2.e) e 26.1.c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, a súa competencia de obrigado exercicio respecto á avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, polo que acorda a aprobación da solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos sociais comunitarios básicos por unha contía de **2.470.692,87 €** (dous millóns catrocentos setenta mil seiscentos noventa e dous euros con oitenta e sete céntimos), sobre un orzamento total de 4.664.032,20 €. De concederse, tería unha achega municipal de 2.167.200,13 € (dous millóns cento sesenta e sete mil douscentos euros con trece céntimos), que supón unha porcentaxe do 46,47 % sobre o orzamento total do proxecto.

A solicitude ten o seguinte detalle:

a) Persoal: 244.429,00 €. Acórdase a solicitude de ampliación de persoal para o ano 2023 en dúas persoas co grao ou diplomatura en traballo social por un período de 8 meses, para o reforzo dos servizos sociais comunitarios. A contía solicitada é a parte proporcional dunha anualidade completa (16.815,00 para un período de 12 meses, correspondendo así 11.210,00€ por cada un dos profesionais solicitados).

b) Axuda no fogar:

o Modalidade de prestación básica do plan concertado: 50.000 €

o Modalidade para persoas valoradas como dependentes 2.138.862,00 €

c) Programa de menores (reforzo dos equipos de infancia e familia): 48.611,87€. Solicítase o financiamento do 50% da xornada laboral das profesionais que executan o programa.

SEGUNDO.- Aprobar o compromiso deste concello a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto presentado para a solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos para o ano 2022 na contía de 2.470.692,87 € (dous millóns catrocentos setenta mil seiscentos noventa e dous euros con oitenta e sete céntimos), que supón unha porcentaxe do 52,97 % sobre o orzamento total do proxecto, cunha achega municipal de 2.167.200,13 € (dous millóns cento sesenta e sete mil douscentos euros con trece céntimos), que supón unha porcentaxe do 46,47 % sobre o orzamento total do proxecto. Todos os gastos a cargo do Concello contan con consignación orzamentaria, e a contía aportada en concepto de cofinanciamento non suporía ningún custo engadido para o Concello, agás o gasto reflectido para a contratación de dous traballadores/as sociais durante un período de 8 meses (solicitude de financiamento por ampliación de persoal), que foi facilitado polo departamento de Persoal, mais non conta con consignación orzamentaria.

- **TERCEIRO.-** Declarar expresamente que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse, cando menos, nas mesmas condicións que no ano anterior.
- **CUARTO.-** Declarar expresamente as axudas públicas solicitadas e concedidas para o desenvolvemento dos Servizos Sociais Comunitarios por parte de outras administracións (Deputación A Coruña), por un total de 124.847,93 € (cento vinte catro mil oitocentos corenta e sete euros con noventa e tres céntimos). Esta contía se detalla en:
 - Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social.....1.733,54€
Esta contía inclúese dentro da partida orzamentaria adicada a este fin, cun importe de 9.680,00€.
 - Ampliación do servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa.....23.114,39 €. Non se recolle nesta solicitude ao non solicitarse financiamento, e non existir polo tanto concorrencia de subvencións.
Esta contía corresponde á contratación dun grao/diplomado en terapia ocupacional. Solicitado informe ao departamento de persoal (emitido pola xefa de servizo de xestión de persoal, con data 2 de febreiro de 2023), se recollen os custos de 23.114,39 € para un contrato de 6 meses.
 - Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.....100.000,00€ Non se recolle nesta solicitude ao non solicitarse financiamento, e non existir polo tanto concorrencia de subvencións.

24. EDUCACIÓN. Referencia: 2023/00012528C.

Aprobación da memoria do XVI certame de Danza Intercentros “Compostela en danza 2023”.

Acórdase:

- 1.- A aprobación da memoria programática e económica (7.533,34 €) do XVI Certame de Danza Intercentros 2023.
- 2.- O importe de gastos do Certame de Danza irá con cargo á aplicación orzamentaria 080 32600 2269900.

25. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00014105X.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 10 ao 16 de marzo de 2023.

URXENCIAS

26. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00050564H

Dar conta da sentenza núm. 469/2022 recaída na apelación AP 4290/2022 do PO 383/2021 CA1.

Dase conta da Sentenza nº 469/2022. AP 4290/2022 TSX / PO 383/2021 CA1

Obxecto: declaración de ineficacia de comunicación previa para cambio de titularidade e legalización de obras.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

A sentenza confirma a ditada en instancia, e con ilo o acto administrativo impugnado.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.